




www.usc.gal/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-linguas-literaturas-modernas



Grao en Linguas e Literaturas Modernas



www.usc.gal



Linguas e Literaturas Modernas

O Grao en Linguas e Literaturas Modernas promove o coñecemento de linguas nunha sociedade cada vez máis multilingüe e intercultural. Esta titulación, na que se combina o estudo de dúas ou máis linguas está solidamente implantada en moitos países de Europa, favorecendo a integración laboral dos graduados de maneira que poidan competir en igualdade de condicións cos egresados de titulacións similares en países da nosa contorna.

Tipo Presencial

Área Artes e Humanidades

Centro Facultade de Filoloxía
Avda. de Castelao, s/n
15782 Santiago de Compostela
filoloxia.decanato@usc.gal

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/artes-humanidades/grao-linguas-literaturas-modernas

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 75

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 120 créditos obrigatorios, 24 créditos do módulo complementario, 24 créditos do módulo optativo e 12 créditos do traballo in de grao.

O grao ofrece cinco mencións: Lingua e Literatura Alemás, Lingua e Literatura Francesas, Lingua e Literatura Italianas, Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas e Filoloxía Románica.

Mobilidade e prácticas

Queres vivir unha experiencia única e enriquecedora?

Terás a oportunidade de realizar mobilidades tanto nacionais (SICUE), como europeas (ERASMUS+) e extracomunitarias (con distintos convenios bilaterais). Poderás descubrir outras culturas e estilos de vida, outra xente e outros sistemas de ensino superior. Mellorarás o dominio de linguas estranxeiras, desenvolverás habilidades interculturais e incrementarás as posibilidades laborais e profesionais do teu futuro. Vivirás unha experiencia moi enriquecedora tanto a nivel académico como persoal.

Queres prepararte para o mundo laboral?

Se o desexas, poderás facer prácticas relacionadas co teu título en distintas empresas e entidades e conseguir 6 créditos optativos. As prácticas son unha oportunidade fantástica para poñer en práctica a túa aprendizaxe, experimentar novas realidades laborais, adquirir experiencia profesional e coñecer algo do mundo laboral mentres estudas. Cada ano, a Facultade publica dúas convocatorias cunha oferta moi ampla e variada.

Información complementaria

Cada unha das mencións ten como núcleo un Maior, formado por 20 materias de seis créditos agrupadas en módulos.

Por outra parte, o Módulo de Formación Básica, ademais de homoxeneizar o nivel inicial da lingua correspondente ao itinerario elixido e de proporcionar unha formación básica nunha segunda e terceira lingua, está concibido para proporcionar os coñecementos e as ferramentas metodolóxicas necesarios para abordar, en xeral, o estudo das linguas e das literaturas.

Finalmente, a través dos Módulos Complementario e Optativo o estudiantado poderá adquirir unha formación de nivel básico ou medio nunha segunda e mesmo nunha terceira lingua e a súa literatura, en Lingüística Xeral, en Teoría da Literatura ou en Filoloxía Románica, ou ben combinar a formación inicial nunha destas disciplinas coa profundización nos contidos estudados no Maior.

